

ACTA Nº 5/2006 DA COMISIÓN DE PERSOAL

ASISTENTES:

Vicepresidente en funcións de Presidente: D. José Rodríguez González, Director Xeral da Función Pública

Pola Administración:

Presidencia: D^a Cristina Rubal González e D. Carlos Landrove Díaz

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: D. Antonio Losada Trabada e D. Ramón del Valle

Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: D^a Beatriz Rodríguez Fraga e D. José Manuel Maceira Caldelas.

Consellería de Economía e Facenda: D^a M^a Dolores Rodríguez Amaya e D^a M^a Blanco Aller

Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: D. Luis Vázquez Rodríguez e D^a M^a del Camino Triguero Salas

Consellería de Innovación e Industria: D. Emilio Nogueira Moure e D^a Lourdes Courtier Ramos

Consellería de Educación e Ordenación Universitaria: D. Benito Fernández Rodríguez

Consellería de Cultura e Deporte: D. Miguel Ares Casal

Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos: D. Miguel A. López Sieiro e Dna. Marta Ramos Lage

Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible: D^a Lourdes Batán Aira

Consellería de Traballo: D. José Vázquez Portomeñe

Consellería de Vivenda e Solo: Dna. Rosa Losada Suárez

Polas organizacións sindicais:

CIG: D. Manuel Gallardo Canitrot

CCOO: D. José Emilio Doforno Guzmán e D. Roberto Barral Blanco

UGT: D^a Rosario Valledor Puente, D. Miguel A. Dono Gómez e D. Carlos Bastón Bagelar

CSI-CSIF: D. Alvaro Fernández Baamonde e D^a Carmen Noya Castro

Secretario: D. Carlos Carid Fernández

En Santiago de Compostela, sendo as 12:30 horas do día 21 de abril de 2006, reúnese, en sesión ordinaria, na salón de actos número 2 da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a Comisión de Persoal coa asistencia das persoas anteriormente relacionadas, segundo á seguinte orde do día:

Punto primeiro. Lectura e aprobación, de ser o caso, das actas correspondentes ás sesións anteriores.

Punto segundo. Proxecto de Decreto polo que se aproba a Oferta de Emprego Público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Punto terceiro. Proxecto de Orde pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horario, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas a percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

Punto cuarto. Proposta de execución da sentenza derivada do P.A. 259/2003, pola que se declara a nulidade da Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 6 de xuño de 2003, pola que se convocaba para a elección de destinos aos aspirantes que superaron o

proceso selectivo convocado pola orde de 31 de xullo de 2001 para o acceso ás categorías 001 (camareira/limpadora) e 011 (limpadora) do Grupo V do persoal laboral da Xunta de Galicia.

Punto quinto. Proposta de modificación da convocatoria do proceso selectivo do Grupo III, categorías 64 (Oficial 1ª Tractorista. Tractorista. Operador de Maquinaria Pesada).

Como cuestión previa o representante da organización sindical CIG manifesta que, atendendo á convocatoria efectuada, asisten á reunión; pero non van a pronunciarse sobre ningún dos asuntos que compoñen a orde do día que foron tratados na última xuntanza da Mesa Xeral de Negociación á que non asistiron por problemas na recepción da convocatoria.

O Presidente informa que a convocatoria da Mesa Xeral de Negociación realizouse, conforme ao acordado, por correo electrónico. Non obstante, para evitar problemas, no sucesivo, ademais tamén se realizará nos locais sindicais.

Punto primeiro. Lectura e aprobación, de ser o caso, das actas correspondentes ás sesións anteriores.

Acta número 3. Foi lida e aprobada coas seguintes observacións:

- a) Formuladas pola representación da organización sindical CCOO: no punto segundo, na intervención do seu representante (páx. 2), debe constar que reiteran as alegacións formuladas no escrito que presentaron.

Debe constar que a organización sindical votou contra o proxecto.

- b) Formuladas pola representación da organización sindical UGT: no punto segundo, na súa intervención (páx. 2), debe constar a súa solicitude de que na execución se abra un prazo para que os afectados poidan presentar as súas solicitudes de prazas.

Debe constar que na votación do proxecto abstéñense.

Acta número 4. Foi lida e aprobada por unanimidade.

Punto segundo. Proxecto de decreto polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario e laboral da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

Infórmase que se excluiron dúas prazas da categoría 41 do grupo II por razón de que, ao non ser posible incluír as tres prazas do acordo de consolidación, engadíranse á oferta complementaria que, de ser o caso, se realice.

* O representante da organización sindical CCOO manifesta que a proposta da OEP non inclúe todas as prazas vacantes existentes na vixente RPT desta Administración atendendo ás convocatorias de concurso realizadas; non responde a un plan anual de convocatorias pactado cos representantes sindicais, nin contempla un proceso de funcionarización do persoal laboral.

* Intervén a representante da organización sindical UGT, que sinala que consideran que o número de prazas ofertadas é insuficiente; o proxecto non prevé que os/as funcionarios/as que accedan a un novo corpo por promoción interna poidan quedar todos no seu posto, reclasificándose se fose preciso; que a promoción

debe realizarse polo sistema de concurso, así como que non están de acordo coa posibilidade de que se realice unha oferta complementaria.

* Intervén o representante da organización sindical CSI-CSIF, que solicita a retirada do proxecto da OEP por entender que non vai ser posible desenvolve-la cos efectivos con que conta a Dirección Xeral da Función Pública. Considera que é insuficiente e solicitan que se negocie un plan a seguir coas convocatorias de selección e provisión.

*O Presidente sinala que na oferta se inclúen as vacantes existentes dos postos base, toda vez que, os de nivel superior están ofertados e deben incluírse nos concursos. Ademais, do persoal interino que presta servizos, non todo está adscrito a postos vacantes.

O Proxecto foi informado co voto en contra das organizacións sindicais CCOO , UGT e CSI-CSIF.

Punto terceiro. Proxecto de Orde pola que se establece o réxime de prestación de servizos, horario, vacacións, licenzas e permisos e compensacións económicas a percibir polo persoal do Servizo de Gardacostas de Galicia.

* Intervén o representante da organización sindical CCOO que valora positivamente o consenso acadado sobre a Orde, non obstante ao non asinarse un pacto sobre o recollido na disposición, abstense.

* A representación da organización sindical UGT, manifesta que a Orde debe prever un incremento de retribucións para o persoal laboral do Servizo de Gardacostas igual ao do persoal funcionario, para o que debería habilitarse o correspondente sistema por tratarse de colectivos suxeitos a réximes distintos.

* A organización sindical CSI-CSIF, valora positivamente que se teñan en conta as propostas sindicais.

*Intervén o Secretario Xeral da Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e facilita uns datos comparativos das retribucións de distintas categorías de laboral coas de corpos de funcionarios, resultando superiores as dos primeiros.

A Proposta foi informada favorablemente coa abstención das organizacións sindicais CCOO e UGT.

Punto cuarto. Proposta de execución da sentenza derivada do P.A. 259/2003, pola que se declara a nulidade da Orde da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública de 6 de xuño de 2003, pola que se convocaba para a elección de destinos aos aspirantes que superaron o proceso selectivo convocado pola orde de 31 de xullo de 2001 para o acceso as categorías 001 (camareira/limpadora) e 011 (limpadora) do Grupo V do persoal laboral da Xunta de Galicia.

* O representante da organización sindical CCOO manifesta a súa conformidade coa execución da sentenza, se ben sinala que existe un compromiso de que na elección de destino se estableza a posibilidade de que se poidan ofertar os postos que resulten vacantes pola elección dos ofertados, e de que se compute o tempo de permanencia en ámbolos dous postos.

* A representante da organización sindical UGT manifesta que na Orde de execución debe regularse a posibilidade de que se poidan solicitar os postos que resulten vacantes pola elección dos ofertados.

* O representante da organización sindical CSI-CSIF manifesta que a posibilidade de solicitar os postos a resultas debe contemplarse na convocatoria.

O Proxecto foi informado favorablemente coa abstención da Organización Sindical UGT.

Punto quinto. Proposta de modificación da convocatoria do proceso selectivo do Grupo III, categorías 64 (Oficial 1ª Tractorista. Tractorista. Operador de Maquinaria Pesada).

* Intervén o Secretario Xeral da Consellería de Política Territorial Territorio, Obras Públicas e Transportes, que sinala que, ao seu entender, se produciu un erro toda vez que, que se convocaron 12 prazas da categoría 64 do Grupo III, e na RPT vixente existen só 7; erro do que se informou na Mesa Xeral de Negociación celebrada o 28 de decembro pasado e así consta en acta. Ademais deuse explicación detallada da situación aos representantes das organizacións sindicais.

Con respecto á proba práctica do proceso selectivo de acceso á categoría que se sinala no anexo I da Orde da convocatoria non ten relación cos traballos que se van levar a cabo no ámbito da Consellería, polo que se propón a modificación para acadar a concordancia

* Intervén o representante da organización sindical CCOO, e manifesta que entende que se debe tramitarse como unha modificación da convocatoria.

* A representante da Organización Sindical UGT sinala que, comprobadas as actas da reunión da Mesa Xeral, é certo que existe alegacións da Consellería polo que sería correcta a corrección do erro no número de prazas. Con respecto ao cambio na proba práctica entenden que se trata dunha modificación da convocatoria.

* O representante da organización sindical CSI-CSIF solicita tempo para estudar a cuestión.

* O Presidente sinala que parece claro que existe un erro en canto o número de prazas, pero a variación no tipo de proba debería tramitarse coma unha modificación da orde da convocatoria.

* O Secretario Xeral propón que se corrixa o erro cometido no número de prazas. A Consellería formulará unha proposta de modificación da convocatoria no relativo á proba práctica.

Infórmase favorablemente a corrección do erro advertido no número de prazas coa abstención das organizacións sindicais CCOO e CSI-CSIF.

E non tendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as 13:30 horas do día anteriormente sinalado.

Vº e prace,

**O VICEPRESIDENTE EN FUNCIONS
DE PRESIDENTE**

José Rodríguez González

Dou fe

O SECRETARIO

Carlos Carid Fernández